<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos. ▪ B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.). 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Traballo en grupo - Rúbrica - Observación na aula - Debate 	2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.). 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario - Observación na aula 	2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)

Valores éticos. 4º de ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Temporización	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética. ▪ B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia. 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario - Observación na aula 	2º e 3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia. 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Observación na aula - Rúbrica - Debate 	2º e 3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón). 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Traballo individual - Rúbrica - Observación na aula 	2º e 3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela. 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario - Traballo individual - Rúbrica - Observación na aula 	2º e 3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciáveis. ▪ B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social. ▪ B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar. 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario - Traballo individual - Rúbrica - Observación na aula - Debate 	2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario - Observación na aula 	2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Valores éticos. 4º de ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Temporización	Competencias clave
			de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).				
			<ul style="list-style-type: none"> VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc. 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Traballo en grupo - Rúbrica - Observación na aula 	2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CD CSC
<ul style="list-style-type: none"> a b d e g h 	<ul style="list-style-type: none"> B5.7. Dereito á seguridade e a paz. B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia. B5.9. Ameazas á paz. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH). VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia. 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Traballo en grupo - Rúbrica - Observación na aula - Debate 	3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> CCL
				Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario - Observación na aula 	3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> CSC

Valores éticos. 4º de ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Temporización	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> VEB5.4.3. Empréndese a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.). 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Traballo en grupo - Rúbrica 	3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> CD CSC
<ul style="list-style-type: none"> a d h 	<ul style="list-style-type: none"> B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española. B5.11. Misións das Forzas Armadas. B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicacións da forza e do poder. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.). 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario - Observación na aula 	3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais. 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario - Observación na aula 	3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH. 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario - Observación na aula 	3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> CSC
<p>Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.</p>							
<ul style="list-style-type: none"> a 	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Validez ética dos proxectos 	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Identificar criterios que 	<ul style="list-style-type: none"> VEB6.1.1. Utiliza información de forma 	A selección da	<ul style="list-style-type: none"> - Traballo individual 	3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> CAA

Valores éticos. 4º de ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Temporización	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ h ▪ m 	científicos e tecnolóxicos.	permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade.	selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.	información pode ser previamente facilitada pola profesora da materia.	- Rúbrica		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial. 	Completo	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario - Observación na aula 	3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE

5) Concrecións metodolóxicas

Traballar por competencias na aula implica un cambio metodolóxico importante. O profesorado convértese nun xestor do coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo. En concreto, na área de valores éticos, durante esta etapa, os estudantes deben desenvolver un pensamento crítico e unha actitude baseada en valores éticos e morais recoñecidos. Por este motivo, resaltarase a necesidade de analizar, plantexar e dar solucións a problemas con antecedentes éticos. Dende esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde o traballo individual se alterna co traballo en grupo. A aplicación destes métodos implica o uso de estilos de ensino socializador, cognitivo e creativo para que os seus estudantes poidan facer os xuízos e as eleccións dirixindo o seu comportamento e as súas relacións sociais cara o ben común.

Neste contexto metodolóxico, o alumnado convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe para lograr unha maior autonomía na súa aprendizaxe e crear estruturas cognitivas que lles permitan pensar e ter un proxecto de vida propio, asumindo dun xeito consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control sobre a súa propia existencia. Pola súa banda, a transmisión do coñecemento das características que compoñen a imaxe persoal basearase na aprendizaxe baseada na experiencia, onde os alumnos perciben a información a través das súas propias experiencias e sempre respectando o desenvolvemento dos seus diversos estilos de aprendizaxe.

Tamén se combinarán técnicas como a ensinanza recíproca, o debate guiado con técnicas de visualización e o xogo de roles. Pola súa banda, en 4º da ESO, tendo en conta que estamos ao final da educación obrigatoria traballaremos especialmente na disertación filosófica, progresivamente e adaptada a este momento.

As estratexias didácticas de investigación tamén ocupan un lugar moi importante. A súa principal característica consiste en presentar ao alumnado unha serie de materias "primas" que este debe estruturar seguindo pautas de actividade máis ou menos precisas e abertas proporcionadas pola profesora. En definitiva, trátase de enfrontar ao alumnado con situacións máis ou menos problemáticas nas que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes, para adquirilos de forma consistente. As técnicas de ensino específicas ás que se pode traducir esta estratexia xeral son moi variadas: investigacións simplificadas, estudos de casos, etc.

Un caso particular dentro das estratexias de investigación está constituído por proxectos de investigación, é dicir, estudos ou postos de traballo, xeralmente de pequeno alcance, nos que estudantes homes e mulleres, individualmente ou en grupo, realizan unha investigación adecuada. Os proxectos de investigación cumpren unha importante función educativa difícil de conseguir por outros medios; trátase de acostumar aos alumnos a afrontar e resolver problemas con relativa autonomía.

Adaptación á nova normalidade

Estableceremos unhas previsións para as tres situacións posibles: ensino presencial, ensino semipresencial ou ensino non presencial.

Actividade lectiva presencial. Nas primeiras sesións do curso traballaremos co alumnado a importancia e obrigatoriedade de respectar as medidas sanitarias e de hixiene para a saúde de todos e todas para concienciar ao alumnado da súa responsabilidade social ante o virus.

Actividade lectiva non presencial. En primeiro lugar e antes de que ocorra, teremos que traballar con todo o alumnado os recursos necesarios (aula virtual do centro, apps...) a través de dispositivos dixitais para garantir un uso autónomo dende o domicilio.

Actividade lectiva semipresencial. Temos que escoller para traballar de xeito presencial, prioritariamente actividades que requiran máis control e corrección por parte da profesora, así como algúns retos que poidamos programar, e deixar actividades máis sinxelas, así como contidos máis puramente conceptuais, para traballar dende a casa. No caso de alumnado que estea en corentena, procurarase retransmitir as clases vía videoconferencia para que non perdan as explicacións.

Os diferentes tipos de actividades que poden propoñerse serían:

Actividades de "detección" de coñecementos previos. Parten de aquilo que o alumnado coñece, e lle permite establecer as oportunas relacións cos novos contidos de aprendizaxe.

Actividades de afondamento e reforzo. Permiten atender as diferentes demandas de información e coñecemento ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

Actividades de expansión. Son actividades que, ademais de poder utilizarse como consolidación ou como afondamento e reforzo, serven para "saber máis" e, sobre todo, para "saber mellor".

Actividades de aplicación. A través deste tipo de actividades, os alumnos "poñen en práctica", organizan, integran ou utilizan os coñecementos adquiridos.

Actividades de transferencia. Permiten "proxectar" o coñecemento a novas situacións.

Actividades de síntese. Reúnen e integran varios contidos básicos.

6) Materiais e recursos didácticos

Non se empregará libro de texto en ningún curso e todos os materiais serán facilitados polas profesoras da materia en distintos formatos (dixital ou físico).

Como **material de apoio**, consulta e traballo na aula usaranse:

Textos filosóficos, literarios e xornalísticos de pouca dificultade.

Vídeos didácticos, fragmentos de películas.

Documentais e reportaxes.

Esquemas e mapas conceptuais.

Libros recomendados para consulta.

A **aula virtual** servirá como **recurso** fundamental no funcionamento das clases, xa que permitirá o intercambio de material e unha mellor comunicación entre profesorado e alumnado.

7) Criterios sobre a avaliación e a cualificación

7.1 Criterios sobre a avaliación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

7.2 Criterios sobre a cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes en todos os niveis da ESO:

➔ **Actividades realizadas:** suporán o 80% da cualificación e serán o resultado da nota media dos cuestionarios e traballos de investigación realizados.

■ **Cuestionarios:** Estarán relacionados coa temática traballada na clase e poderán incluír preguntas de varios tipos (resposta curta, múltiple elección...). No enunciado estará especificado o valor de cada pregunta.

■ **Traballos de investigación:**

• **Traballo individual:** Valorarase seguindo a seguinte rúbrica:

	4	3	2	1	0
Contido (4 puntos)	Trata todos os puntos e os desenvolve dun xeito totalmente rigoroso e correcto.	Trata todos os puntos pero non os desenvolve dun xeito totalmente rigoroso ou correcto.	Falta algún punto e os demais non están desenvolvidos de xeito correcto.	O traballo está incompleto ou ten algunha sección copiada de Internet.	Traballo copiado por completo ou en gran medida e/ou faltan gran parte dos puntos marcados.
Presentación (2 p.)			Traballo limpo e organizado, sen faltas de ortografía e redacción. Segue o formato marcado e a estética está coidada.	Presenta algunhas faltas de ortografía e/ou redacción. Non segue o formato marcado aínda que a estética estea coidada.	Abundantes faltas de ortografía e redacción. Non segue o formato marcado e a estética non está coidada.
Exposición oral* (2 p.)			Exposición preparada, sen ler directamente do guión ou das diapositivas. Engade datos a maiores, exemplos...	Exposición non moi preparada, con titubeos e tendo que botar man do guión dou das diapositivas.	Exposición sen preparar, lendo continuamente ou expresándose dun xeito inapropiado ou excesivamente informal.

*No caso de non haber exposición oral, esta puntuación engadirase ao contido.

- **Traballo en parella/grupo: Valorarase seguindo a seguinte rúbrica:**

	4	3	2	1	0
Contido (4 puntos)	Trata todos os puntos e os desenvolve dun xeito totalmente rigoroso e correcto.	Trata todos os puntos pero non os desenvolve dun xeito totalmente rigoroso ou correcto.	Falta algún punto e os demais non están desenvolvidos de xeito correcto.	O traballo está incompleto ou ten algunha sección copiada de Internet.	Traballo copiado por completo ou en gran medida e/ou faltan gran parte dos puntos marcados.
Presentación (2 p.)			Traballo limpo e organizado, sen faltas de ortografía e redacción. Segue o formato marcado e a estética está coidada.	Presenta algunhas faltas de ortografía e/ou redacción. Non segue o formato marcado aínda que a estética estea coidada.	Abundantes faltas de ortografía e redacción. Non segue o formato marcado e a estética non está coidada.

	1	0.5	0
Exposición oral* (1 p.)	Exposición preparada, sen ler directamente do guión ou das diapositivas. Engade datos a maiores, exemplos...	Exposición non moi preparada, con titubeos e tendo que botar man do guión dou das diapositivas.	Exposición sen preparar, lendo continuamente ou expresándose dun xeito inapropiado ou excesivamente informal.
Traballo en grupo (1 p.)	Cumpre coa tarefa atribuída e colabora co resto do grupo.	Cumpre coa tarefa atribuída pero non colabora co resto do grupo.	Non cumpre coa tarefa atribuída nin colabora co resto do grupo.

- ➔ **Participación e implicación do alumnado:** 20% da cualificación. (Debates, postas en común, intervencións axeitadas á temática tratada...)

Para poder ter unhas sesións dinámicas é imprescindible que o alumnado participe nas clases e mostre un grao mínimo de implicación. Estes aspectos serán avaliados mediante a observación na aula atendendo á seguinte rúbrica:

2 p.	O/A alumno/-a intervéñ con asiduidade de xeito voluntario e mostra un alto grao de implicación cara a materia, axustándose a temática tratada e respectando as normas básicas de convivencia.
1 p.	O/A alumno/-a intervéñ en contadas ocasións, aínda que sexa de xeito correcto.
0 p.	O/A alumno/-a nunca participa de xeito voluntario, ou cando o fai non se axusta á temática tratada, ou non respecta as normas básicas de convivencia (interrompe, descalifica, etc.), ou non mostra ningunha implicación cara a materia.

A actitude suponse a correcta e axeitada a un centro educativo, pero en caso de darse algunha conduta disruptiva, o alumnado poderá ser penalizado cun negativo, que restará 0,25 p. na nota media da avaliación.

A nota final do curso será a media aritmética obtida tendo en conta as cualificacións de cada unha das tres avaliacións. Terase en conta a evolución progresiva ao longo do curso. O/A alumno/-a que non obteña un cinco como resultado da devandita operación deberá presentarse á proba extraordinaria de xuño, polo que non se farán recuperacións durante o curso.

Convocatoria extraordinaria en xuño:

A proba extraordinaria de xuño está destinada ao alumnado que non alcance os obxectivos propostos ou non mostre o nivel de competencias especificado para o curso no que se atopa, e consistirá nunha proba escrita obxectiva de todos os contidos traballados durante todo o ano académico. Esta proba prepararase durante as sesións previas con actividades de reforzo e repaso. Estas actividades servirán tamén como medida de afondamento para o alumnado que aprobou a materia na convocatoria ordinaria de xuño.

Redondeo das puntuacións de avaliación:

No caso das puntuacións que teñan decimais, aplicarase o redondeo á alza a partir do 0,5 por exemplo, un 7,5 sería un 8 na calificación de avaliación.

8) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente de cursos anteriores

Durante o presente ano académico non hai alumnado coa materia de Valores Éticos pendente de superación.

9) Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor

O alumnado que non promocióne e non supere a materia, seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente a dito programa.

O programa de reforzo organizarase para cada estudante tendo en conta as dificultades de aprendizaxe que motivaron a non superación da materia en relación cos mínimos establecidos na programación docente da mesma.

Para a avaliación da materia teranse en conta os progresos que o/a alumno/-a realice nas actividades do programa de reforzo, así como a súa evolución na materia.

Ademais, na medida do posible, este alumnado recibirá unha atención personalizada por parte do profesorado, procurarase adaptar o material didáctico ás súas necesidades así como ampliar ou reducir bloques de contidos segundo a súa capacidade.

E, por suposto, variarase a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno/-a coa finalidade de conseguir unha motivación que permita que supere a materia cunha cualificación positiva.

10) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

A avaliación inicial consistirá nunha posta en común sobre o contido da materia, o traballo realizado en cursos anteriores, as súas expectativas... e realizarase o primeiro día de clase.

Esta avaliación inicial ofrécenos non só coñecementos sobre o grupo no seu conxunto, senón que tamén nos proporciona información sobre diversos aspectos individuais do noso alumnado; a partir diso podemos:

- Identificar ao alumnado que necesita máis seguimento ou personalización das estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aqueles alumnos con necesidades educativas, altas capacidades e non diagnosticados, pero que requiren atención específica por estar en risco, polos seus antecedentes familiares, etc.).
- Coñecer as medidas organizativas a adoptar (planificación de reforzos, localización de espazos, xestión do tempo en grupo para favorecer a intervención individual). Neste sentido, a colaboración e o asesoramento do Departamento de Orientación serán esenciais.
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos a empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se empregará con cada alumno/-a.
- Reducir o intervalo de tempo e a forma en que se avaliará o progreso do alumnado.

11) Medidas de atención á diversidade

Na actualidade debemos educar en e para a diversidade en cada grupo-clase porque o nivel académico, os intereses, grao de motivación, ritmo de traballo e estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias dos alumnos e alumnas son moi diversos, de aí a necesidade dunha diversidade metodolóxica no proceso de aprendizaxe.

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo, con

condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden. Polo tanto, as profesoras encargadas de impartir a materia actuarán en consecuencia para atender este abano de alumnado con dificultades e aplicarán as medidas necesarias para a consecución de resultados positivos:

- 1.-Adaptando o material didáctico.
- 2.-Variando a metodoloxía segundo as necesidades dos alumnos.
- 3.-Ampliando ou reducindo bloques de contidos segundo a capacidade do alumnado.
- 4.-Proporcionando actividades de aprendizaxe diferenciadas, de contidos básicos ou de reforzo e ampliación segundo o perfil do alumno flexibilizando o número de actividades propostas así como a data de entrega.
- 5.-Controlando os apuntamentos e a axenda así como o recordatorio da entrega de tarefas, datas de probas obxectivas.
- 6.-Aplicando as medidas específicas para o alumnado con NEAE que figuran nos distintos protocolos da Consellería.
- 7.- Realizando as ACS necesarias, de ser o caso.

12) Concreción de elementos transversais

Dende a materia de Valores Éticos procurarase promover a convivencia, a resolución pacífica de conflitos, o diálogo, o valor positivo dos límites, a tolerancia e a diversidade.

Prevenición e resolución pacífica de conflitos e promoción de valores que sosteñan a liberdade, a xustiza, a igualdade:

Neste eido, procuraremos educar ao alumnado no diálogo. Neste sentido, os exercicios de debate e disertación constitúen un bo adestramento, como invitamos e corriximos para que o alumnado non se limite a defender a súa posición senón tamén a reproducir os argumentos do contrario. Así mesmo, intentaremos levar á práctica, dentro das posibilidades do traballo na aula, o exercicio de empatizar, invitando, segundo o caso, a que nunha situación específica de conflito fagamos un esforzo para reflectir a posición da outra parte.

Educación para a igualdade efectiva de homes e mulleres:

Primeiro podemos sinalar as formas de cumprir o indicado en canto á promoción da igualdade de xénero, á prevención da violencia de xénero e ao cumprimento efectivo das disposicións legais relativas á lgtbi-fobia.

Neste sentido, promoverase a igualdade efectiva de homes e mulleres, dende a sensibilidade e o recoñecemento das moi variadas formas de expresar o sexo e o xénero. A diversidade de homes e mulleres será visible desde a explicación e os exemplos, buscando o equilibrio nos exemplos profesionais. Do mesmo xeito, tratará de tomar conciencia dos fenómenos de discriminación sexista en diferentes espazos e ambientes na actualidade, así como no pasado.

Comunicación audiovisual e tecnoloxías da información e comunicación:

Nos últimos tempos cambiou radicalmente o xeito de buscar información. Non só se busca bibliografía, senón tamén vídeos, tutoriais e unha ampla gama de recursos na rede. Neste sentido, a escola debe contribuír a que o alumnado saiba navegar correctamente por Internet. Actualmente, está claro que a mocidade sabe manexarse tecnicamente neste eido, pero aínda non son o suficientemente autónomos/-as á hora de seleccionar a información. Animaremos pois aos estudantes a buscar información en Internet e presentala posteriormente en clase, convidándoos a reflexionar sobre a fiabilidade da fonte e, máis tarde, durante a exposición, solicitándolles que citen a(s) fonte(s) consultada(s).

13) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

É deber do profesorado avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, a través dos indicadores de logro incorporados na programación didáctica.

É fundamental avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que o profesorado adopta ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada estándar de aprendizaxe.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica docente ás necesidades específicas do alumnado.

A continuación propónse unha táboa para facilitar a autoavaliación da práctica docente. Ao longo do curso supervisarse o proceso de ensino a partir dos indicadores de logro que se mostran a continuación:

ASPECTOS AVALIAR	A	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización dos estándares de aprendizaxe				
Consecución dos obxectivos				
Exposición dos contidos da unidade				
Realización de tarefas planificadas				
Estratexias metodolóxicas empregadas				
Recursos				
Ciandade nos criterios de avaliación				
Uso das diversas ferramentas de avaliación				
Estándares de aprendizaxe acadados				
Atención a la diversidade				
Interdisciplinarietàade				

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

En función dos resultados desta autoavaliación da práctica docente, o profesorado deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solucionar as dificultades que se vaian presentando ao longo do ano académico.

14) Accións de contribución ao plan lector

Lectura na aula de textos en diferentes formatos (xornalístico, novelas, relatos, poemas, páxinas web...) en todas as sesións.

Recomendaranse determinadas lecturas relacionadas coa temática tratada na clase para que o alumnado poida ampliar os seus coñecementos de xeito voluntario.

15) Accións de contribución ao plan dixital

Fomentarase o uso das novas tecnoloxías con actividades de diversa natureza:

Uso de ordenadores:

- Elaboración de traballos.
- Realización de exercicios e probas de diversa índole.
- Preparación de presentacións en formato PowerPoint / Padlet / Prezi / Glogster.
- Creación de vídeos.

Acceso a Internet:

- Búsqueda de información.
- Consulta de materiais de apoio.
- Visita a diversas páxinas web de interese para o desenvolvemento das distintas unidades didácticas.
- Acceso a páxinas web con cuestionarios e xogos adaptados ao nivel do alumnado.

16) Accións de contribución ao plan de convivencia

Durante as sesións de Valores Éticos procurarase:

- Fomentar actitudes pacifistas, de respecto e solidariedade dentro da comunidade educativa.
- Rexeitar condutas que dificulten a convivencia.
- Difundir a tolerancia e valoración de actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos pertencentes a culturas distintas á nosa.
- Vixiar a utilización dun vocabulario axeitado a un centro educativo.
- Contribuír na educación do alumnado como cidadáns.
- Colaborar no cumprimento das Normas de Organización e Funcionamento (N.O.F.) do centro.
- Fomentar os traballos en grupo nun ambiente de harmonía, colaboración e respecto entre os integrantes do mesmo.

17) Actividades complementarias e extraescolares

Elaboraranse diversas exposicións e traballos para dar a coñecer os temas tratados á comunidade educativa.

Ademais, colaborarase cos equipos de dinamización do centro (extraescolares, biblioteca...) realizando actividades axeitadas aos distintos proxectos que se están a desenvolver.

18) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Como mecanismo principal aplicarase a observación para valorar se o alumnado segue ou non o ritmo da programación e en función diso irase variando ao longo do curso para que todo o alumnado acade os obxectivos marcados.

Outro indicador básico serán os resultados dos/das alumnos/-as e o seu grao de adquisición dos contidos e das competencias básicas. En función destes datos poderase variar a metodoloxía empregada ou o tipo de actividades a realizar.

Ademais, a final de curso o alumnado responderá a unha enquisa onde se comentarán todos os factores que inflúen nas clases para poder así melloralas baseándonos na súa experiencia. Nesta enquisa poderán tamén engadir as súas propostas de cambio para cursos posteriores.

A revisión, avaliación e modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso.

Boqueixón, 22 de setembro de 2021

Asdo:

Lina M^a González López (Departamento de Música)

Eva González Rodríguez (Departamento de Francés)